



# Plan de Atención a Alumnado Procedente do Estranxeiro



# Plan de Atención a Alumnado Procedente do Estranxeiro

---

	Páxina
Introducción	
1. Obxectivos xerais .....	2
2. Acollida .....	3
2.1. Acollida da familia no centro e adscrición provisional.....	3
2.2. Acollida en clase.....	4
3. Avaliación inicial e adopción de medidas curriculares.....	5
4. Medidas de tipo organizativo e tratamento curricular.....	6
4.1. Introdución .....	6
4.2. Aprendizaxe da lingua vehicular.....	6
4.2.1. Obxectivos xerais.....	6
4.2.2. Obxectivos específicos.....	7
4.2.3. Contidos.....	8
4.2.4. Avaliación.....	17
4.2.5. Organización da ensinanza .....	17
4.2.6. Materiais.....	18
4.3. Matemáticas e Coñecemento do Medio .....	19
Anexos .....	20

## Introducción

Co obxecto de responder da forma máis axeitada ás necesidades que poida xera-la escolarización de alumnado procedente do estranxeiro, é fundamental organiza-la intervención establecendo obxectivos e incidindo a través de medidas organizativas e de tratamento de contidos que faciliten tanto o seu desenvolvemento psicosocial como as aprendizaxes escolares deste alumnado.

Algunhas das medidas, as de carácter curricular ordinario e titorial, van dirixidas a tódolos escolares procedentes do estranxeiro. Outras, as que implican as medidas específicas recollidas na Orde de 20 de febreiro de 2004 pola que se restablecen medidas de atención específica ó alumnado procedente do estranxeiro (DOG 26/02/2004), van dirixidas a aqueles escolares que presenten algunha das seguintes características:

- Descoñecemento das dúas linguas oficiais da nosa Comunidade Autónoma (galego e castelá).
- Desfase curricular de 2 cursos ou máis respecto ó que lle corresponde pola súa idade.
- Graves dificultades de adaptación ó medio escolar, debido a razóns sociais e culturais.

## 1. Obxectivos xerais

Con carácter xeral, no que atinxe á interculturalidade e ás necesidades que se poidan xerar ó respecto, propoñémonos

- Favorece-la adquisición de habilidades relacionais e o desenvolvemento persoal.
- Fomenta-la análise e valoración das diferentes realidades socioculturais do alumnado que asiste ó centro.
- Ofrecer un modelo cultural diverso, non discriminatorio no relativo ás actitudes e á linguaxe respecto das diferencias individuais.
- Fomenta-la flexibilización organizativa para responder ás necesidades.
- Promove-la igualdade de oportunidades académicas.

## 2. Acollida

Podemos defini-la Acollida como un conxunto de actuacións sistematizadas que o centro pon en marcha para facilita-la adaptación do alumnado que se incorpora novo. Estas actuacións sistematizadas quedan recollidas neste punto, así como tamén no Plan de Acción Titorial.

É un labor a realizar, por un lado, co alumnado, a través da titoría e de tódalas áreas do currículo, mediante actividades que favorezan habilidades e competencias sociais, así como a resolución de conflitos; por outro lado, é un labor a realizar coas familias, cando menos, mediante orientacións concretas.

### 2.1. Acollida da familia no centro e adscrición provisional:

Recibimento e primeira toma de contacto por parte do equipo directivo:

a) Convén proporcionar información sobre:

- Proxecto do centro e normas do mesmo.
- Procedemento para a adscrición de aula e curso.
- Calendario escolar.
- Horario xeral do centro e do período de adaptación, se fose o caso.
- Xustificación de faltas de asistencia.
- Lugares de entrada e saída do alumnado.
- Instalacións: aulas, ximnasio, recreo, biblioteca.
- Material escolar necesario.
- Servizo e funcionamento do comedor.
- Actividades complementarias e extraescolares: tipos xerais e autorización familiar, no seu caso.
- Información sobre axudas: libros, comedor, etc.
- Función e actividades xerais da ANPA.

b) Ó tempo, recadar información sobre:

- Certificación de empadramento.
- Fotocopia do libro de familia ou outro documento acreditativo.
- Fotocopia da tarxeta da seguridade social.

## Plan de Atención a Alumnado Procedente do Estranxeiro

---

- Fotocopia da cartilla de vacinacións ou certificación equivalente.
  - Foto tamaño carné.
  - Expediente académico ou dirección, se é posible, do último centro en que estivo escolarizado/a.
  - Datos persoais e historial escolar.
- c) A Dirección do centro informará ós docentes a que clase se adscribirá provisionalmente, atendendo ós seguintes criterios:
- Idade.
  - Ratio das aulas.
  - Grao de coñecemento de galego e/ou castelán.
  - Impresión inicial do seu nivel de competencia curricular.
  - Presencia de alumnado con NEE.
  - En ningún caso se escolarizará nun nivel máis de 2 cursos inferior ó que lle corresponde por idade cronolóxica, segundo establece a Orde de 20 de febreiro de 2004.
  - Adscribirase sempre dentro da etapa, agás nos casos de alumnado con NEE permanentes.

### **2.2. Acollida en clase**

No ámbito da titoría pódense levar a cabo actividades do tipo de:

- Proporcionar información previa ó resto da clase da procedencia, lingua, cultura, etc. do alumnado que se incorpora novo. Tamén cabe adicar algunha sesión a este fin co alumnado xa incorporado.
- Ofrecemento de recomendacións acerca da comunicación, no seu caso.
- Coñecemento mutuo como: cartel en cada mesa co nome, actividades de presentación, actividades de interrelación, actividades de coñecemento persoal.
- Información sobre o funcionamento do centro, profesorado, espacio físico, etc.
- Avaliación inicial.
- Cooperación (compañeiro/a titor/a, por exemplo).
- Seguemento á familia.

### **3. Avaliación inicial e adopción de medidas curriculares (reforzo, ACI, flexibilización da idade)**

A avaliación será un proceso no que deberemos ter presentes cuestións como flexibilidade nos criterios de avaliación e nos materiais a empregar, así como o implementala de forma colexiada, en equipo.

No prazo máximo dun mes de permanencia do alumno ou alumna no centro, o equipo docente realizará unha Avaliación Inicial e, de se-lo caso, propondrá que se complemente cunha Avaliación Psicopedagóxica.

O Departamento de Orientación levará a cabo a avaliación psicopedagóxica e participará no apoio ó labor tutorial, proporcionando información á familia sobre metodoloxía, materiais, etc.

Ademais do coñecemento da lingua e de contidos curriculares, valorarase capacidade de atención, o estilo de aprendizaxe, a actitude, etc. Para isto, poderemos utilizar unha folla de rexistro das características da que figura no Anexo.

Para o nivel curricular de linguas e matemáticas utilizaranse documentos na liña dos incluídos no Anexo.

Realizada a avaliación, procederase á adscrición definitiva mediante acordo da Comisión de Coordinación Pedagóxica. Esta adscrición terá lugar en función dos datos recadados mediante a avaliación, idade do alumno/a, as ratios, a presenza ou non de alumnado con NEE nas aulas, etc. Será flexible, no sentido de que será posible propoñer un cambio de ubicación en función da evolución. De ser este o caso, o equipo docente emitirá un informe no que conste o nivel de competencia e as razóns polas que se eleva a proposta, adoptando a decisión definitiva a Comisión de Coordinación Pedagóxica.

A medida de adscrición a un nivel inferior ó que lle corresponde por idade poderá ir acompañada doutras medidas curriculares de apoio (reforzo, ACI), se é o caso. Asemade, cabe a posibilidade de eliminar parte do currículo de Lingua Estranxeira de forma provisoria, así como a exención en Lingua galega para o alumnado que se incorpore en 3º. ciclo.

## 4. Medidas de tipo organizativo e tratamento curricular

### 4.1. Introducción

É conveniente incluír contidos de carácter intercultural que fagan fincapé no coñecemento e valoración da propia identidade cultural e no recoñecemento e valoración da identidade cultural do outro, integrándoos nas diferentes áreas, concretando naquelas unidades que proceda.

En calquera caso, deberemos ter presente que:

- Durante o primeiro curso na escola, se é o caso, convirá adicarlle especial atención ás aprendizaxes relacionadas coa adquisición da lingua, co fin de que a adquira no menor tempo posible.  
Polo tanto, este será un obxectivo a relacionar con tódalas actividades que realice, tendo en conta que a lingua apréndese en todo o contexto.
- É necesario ter ben definido o horario de atención específica, así como o traballo a realizar.
- É importante decidir que materiais debe ter.
- Hai que efectuar un seguimento ordenado do seu desenvolvemento.

### 4.2. Aprendizaxe da lingua vehicular

O contido abordado neste punto refírese ó alumnado que descoñeza as dúas linguas oficias de Galicia. Utilizarase como lingua vehicular o galego ou o castelán en función da que resulte máis próxima ou que represente unha menor dificultade para o uso no ámbito familiar. A decisión adoptarase consultando coa familia e de acordo coa mesma.

#### 4.2.1. Obxectivos xerais:

Deberemos destaca-lo desenvolvemento de competencias xerais xunto coas comunicativas que, por outra parte, son comúns a todo o alumnado:

- Adquiri-las habilidades básicas de comunicación nas diferentes destrezas (falar, escoitar, ler e escribir).
- Producir mensaxes orais e escritas coherentes e adecuadamente cohesionadas.

## Plan de Atención a Alumnado Procedente do Estranxeiro

---

- Usa-la lingua como instrumento de aprendizaxe e de acceso ó coñecemento das diferentes áreas curriculares.
- Desenvolve-la capacidade de autoavaliación e autonomía na aprendizaxe.
- Valorar de forma positiva a diversidade cultural e lingüística e desenvolver actitudes favorables hacia o intercambio cos outros.

### **4.2.2. Obxectivos específicos:**

Son obxectivos a traballar con todo o alumnado, pero, en termos xerais, é probable que os escolares nativos precisen menos tempo e unha ensinanza menos explícita para a súa consecución.

Formulamos estes obxectivos como metas a alcanzar no prazo máis curto posible. Indicarannos a dirección a seguir na intervención dende o primeiro momento. Terán un carácter prioritario, como base para facilita-la incorporación ó nivel de competencia máis próximo ó que lle corresponda por idade.

Aínda así, somos conscientes de que os tempos para a súa consecución variarán segundo os casos individuais.

#### a) Comprensión Oral:

- Comprender información relacionada con ámbitos e cuestións do entorno máis inmediato.
- Comprender instrucións sinxelas relativas a como ir dun lugar a outro.
- Comprende-la idea global dunha exposición sobre cuestións relacionadas co seu entorno, ou narracións breves.
- Identifica-la idea global e outras ideas importantes nunha conversación entre falantes nativos.
- Seguir indicacións detalladas.
- Comprende-la información achegada, por exemplo, en instrucións de uso.

#### b) Expresión Oral:

- Describir persoas, lugares, obxectos, situacións, actividades ... nos seus aspectos externos e esenciais.
- Narrar historias persoais e inventadas, seguindo unha secuencia lineal
- Expresa-la idea global dun texto oral ou escrito breves.
- Explicar vantaxes e desvantaxes dun tema cercano á súa experiencia.
- Expoñer cuestións previamente ensaiadas, de forma breve e intelixible.



## Plan de Atención a Alumnado Procedente do Estranxeiro

---

- Responder a preguntas sobre datos concretos despois de escoitar unha exposición.
- Participar minimamente nunha conversa/intercambio grupal con iguais.

### c) Lectura:

- Interpretar adecuadamente letreiros e sinais.
- Domina-lo código.
- Identificar datos concretos en textos breves sobre feitos concretos que traten contidos curriculares con vocabulario frecuente.
- Recoñecer feitos ou sentimentos nun texto breve.
- Comprender instrucións sinxelas sobre xogos ou uso de aparellos de uso cotiá.
- Localizar información específica en textos curtos sobre asuntos cotiás.
- Capta-la idea global dun texto breve sobre temas da súa experiencia e outros coñecidos previamente tratados.

### d) Expresión Escrita:

- Escribir textos sinxelos con coherencia sobre temáticas de interese propio ou curriculares do seu nivel de competencia.
- Describir obxectos, animais, etc nos seus trazos externos.
- Escribi-la idea global dun texto sobre unha temática relacionada coa súa experiencia ou previamente traballada.
- Expoñe-la opinión sobre feitos cotiás.

### 4.2.3. Contidos

Por un lado, desenvolveranse en torno ós ámbitos educativo, lúdico e social, en base a diferentes situacións (a clase, recreo, xogos, tv, compras, etc.), atendendo a distintas funcións comunicativas (saudar, preguntar, contar, ...) e á utilización de expresións e o vocabulario máis apropiado (saúdos, nomes, profesións, etc.).

Co fin de clarificar o que se acaba de mencionar, no seguinte cadro figuran algúns exemplos.

## Plan de Atención a Alumnado Procedente do Estranxeiro

Ámbito e situacións	Funcións	Expresións	Vocabulario
Educativo	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Pedir permiso</li> <li>- Expresar unha necesidade</li> <li>- Pedir explicación</li> <li>- Entender ordes, instrucións</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Por favor+nome</li> <li>- Necesito+det+nome/acción</li> <li>- Como se escribe...?</li> <li>- Mira/escoita/ven</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Nomes de espazos</li> <li>- Nomes de obxectos</li> <li>- Alfabeto</li> <li>- Nomes de accións</li> </ul>
Xogo	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Achegar suxestións</li> <li>- Mostrar aceptación ou rexeitamento</li> <li>- Manifestar gustos</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- xogas? xogamos?</li> <li>- Vale, non</li> <li>- Gústache+nome/verbo?</li> <li>- Si, non me gusta</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Vocabulario de xogos</li> <li>- Nomes de deportes</li> <li>- Adverbios</li> <li>- Formas verbais</li> <li>- Accións</li> </ul>
Social	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Pedir algo nunha tenda</li> <li>- Pregunta-lo prezo</li> <li>- Pagar</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Por favor, ten ...?</li> <li>- Canto é?</li> <li>- Aquí ten</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Números</li> <li>- Nomes de tendas</li> <li>- Nomes de produtos</li> <li>- Canto ...?</li> <li>- Moeda</li> </ul>

Por outro lado, abarcarán a comprensión e expresión tanto no plano oral coma no escrito, se ben inicialmente referiranse fundamentalmente ó oral. De forma máis pormenorizada, propóñense os seguintes contidos:

### 4.2.3.1. Lingua e comunicación

#### a) Información xeral:

- Identificación de persoas, lugares e obxectos.
- Descrición de persoas, lugares, obxectos e estados.
- Comparación de persoas, obxectos, lugares, situacións e accións.
- Referirse a accións habituais ou do momento presente.
- Referirse a accións e situacións do pasado e futuro

# Plan de Atención a Alumnado Procedente do Estranxeiro

---

## b) Opinións:

- Expresión e petición de opinións sobre alguén ou algo.
- Formulación de preguntas por acordo ou desacordo.
- Confirmación ou negación dunha afirmación allea.

## c) Coñecemento e grao de certeza:

- Expresión de coñecemento ou descoñecemento.
- Expresión e formulación de preguntas polo grao de seguridade ou inseguridade.

## d) Obrigación, permiso e posibilidade:

- Expresión e formulación de preguntas se é posible ou non facer algo.
- Expresión e formulación de preguntas pola obrigación de facer algo.

## e) Sentimentos, desexos e preferencias:

- Expresión e formulación de preguntas por gustos e preferencias.
- Expresión e formulación de preguntas por desexo e necesidade.
- Expresión e formulación de preguntas por sensacións físicas e de dor.

## f) Suxestións, invitacións e instrucións:

- Realización de suxestións sobre actividades e expresión de reaccións ante suxestións.
- Petición a outros que fagan algo.
- Invitación a algo, aceptación e rexeitamento de invitacións e ofrecementos.
- Ofrecer e pedir axuda, aceptación e rexeitamento.

## g) Usos sociais da lingua:

- Expresión de saúdo e despedida.
- Presentación de alguén e expresión de reacción ó ser presentado.
- Expresión de interese, sorpresa, alegría, pena, etc. ante unha información ou un relato.
- Petición de perdón.
- Da-las grazas.
- Expresión de felicitación.

## h) Organización do discurso:

- Utilización de fórmulas para dirixirse a alguén, inicio do discurso.
- Establecemento de relacións entre elementos e partes do discurso.
- Utilización de sinais que indiquen o remate do discurso.

## i) Control da comunicación oral: Utilización de fórmulas e indicadores para:

## Plan de Atención a Alumnado Procedente do Estranxeiro

---

- Sinala-lo que non se entende.
- Solicita-la repetición do dito.
- Verificar que se compréndeo.
- Deletrear e solicitar que se deletree.
- Solicitar que se escriba algo.
- Preguntar por unha palabra ou expresión que non se coñece ou que se esquece.
- Pedirlle a alguén que fale máis alto ou máis despacio.

### 4.2.3.2. Contidos gramaticais

#### a) Pronunciación de sons:

- Identificación e produción de sons vocálicos e combinacións de vocais.
- Identificación e produción de sons consonánticos e grupos consonánticos.

#### b) Entoación:

- Segmentación do discurso en grupos fónicos.
- Identificación e realización dos patróns básicos (enunciativo, interrogativo, e exclamativo).

#### c) Acento e ritmo:

- Localización do acento.
- Produción de frases utilizando o ritmo adecuado na cadea falada.

#### d) Substantivos:

- Diferenciación do xénero pola terminación. Casos especiais máis frecuentes. O xénero de substantivos referidos a persoas (parentesco, profesións ...).
- Formación de plurais.
- Utilización adecuada das concordancias.

#### e) Artigo:

- Utilización do artigo determinado e indeterminado, así como da contracción.
- Produción de frases tendo en conta adecuadamente a presenza e ausencia de artigo.

#### f) Adxectivo cualificativo:

- Utilización adecuada da concordancia en xénero e número.
- Utilización de comparativos e superlativos máis frecuentes.

#### g) Pronome persoal:

- Uso de formas tónicas e átonas.

## Plan de Atención a Alumnado Procedente do Estranxeiro

---

- Producción de frases tendo en conta adecuadamente a presenza, ausencia e colocación na función de suxeito.
- Uso adecuado na función de obxecto directo e indirecto.
- Utilización correcta de reflexivos con verbos de uso frecuente.

### h) Demostrativos:

- Uso adecuado para identificar, sinalar e discriminar.

### i) Posesivos:

- Uso para identificar e para relacións de posesión.
- Uso correcto da presenza/ausencia.

### k) Indefinidos e cuantitativos:

- Usos dos máis frecuentes e formas apocopadas.
- Utilización correcta das oposicións: algo/nada, alguén/ninguén, algún/ningún.

### l) Interrogativos:

- Uso na interrogación directa.
- Uso precedido de preposición.

### m) Numerais:

- Utilización de cardinais e ordinais de uso máis frecuente.

### n) Uso de ser e estar:

- Ser para identificar (Ser+substantivo).
- Ser para referirse á nacionalidade, profesión ou lugar de orixe.
- Ser para expresa-la hora e referirse ó tempo.
- Ser/estar+adxectivo cualificativo.
- Ser/estar+adverbio de modo.
- Estar+de+substantivo.
- Estar+participio.

### ñ) Tempos verbais ....

### o) Formas verbais non persoais:

- Uso do xerundio en perífrases.
- Uso de perífrases: ter que+infinitivo, ir (a)+infinitivo, estar+xerundio?????, poder+infinitivo.

### p) Referencias temporais:

## Plan de Atención a Alumnado Procedente do Estranxeiro

---

- Utilización de indicadores de habitualidade e frecuencia (nunca, ás veces, tódolos días, sempre, case sempre ...).
- Expresión da hora, data, estación do ano.
- Uso correcto de indicadores de anterioridade e posterioridade (antes de, despois de ...).

### q) Referencias espaciais:

- Indicadores da localización espacial (aquí, encima de, ó norte ...).
- Indicadores de proximidade, lonxanía, distancia.
- Indicadores de delimitación espacial (dende ... ata, de ... a).
- Orde de colocación dos elementos da oración.
- Oracións afirmativas, negativas, interrogativas directas.
- Oracións exclamativas e exhortativas e uso de interxeccións máis frecuentes.
- Uso impersonal dos verbos haber, facer e ser.
- Oracións comparativas coas partículas máis frecuentes.
- Oracións coordinadas coas conxuncións máis frecuentes.

### r) Alfabeto español en maiúsculas e minúsculas.

### s) Acento ortográfico: a til como marca do acento prosódico.

t) Signos de puntuación: recoñecemento e utilización de: coma, punto e coma, dous puntos, punto final, puntos suspensivos, marca s de interrogación e de admiración, paréntese e guión.

### 4.2.3.3. Lingua, cultura e sociedade (ámbitos de vocabulario e situacións)

#### a) A escola:

- Datos persoais.
- Normas, rutinas e horarios.
- Nomes de espazos e obxectos de clase.
- Xogos e deportes.
- As materias escolares.

#### b) Matemáticas:

- Os números.

## Plan de Atención a Alumnado Procedente do Estranxeiro

---

- Figuras xeométricas.
- Signos e operacións matemáticas.
- Transaccións de moedas.
- Magnitudes e medidas.
- O tempo.
- Localización no espazo: croquis e planos.

### c) Coñecemento do medio:

- Os países.
- O corpo humano.
- Os animais.
- Os alimentos.
- Os ciclos anuais.
- A meteoroloxía.
- A paisaxe.
- Mapas.
- Personaxes históricas.

### d) Lingua e literatura

- Relatos de experiencias vividas.
- Álbum de fotos.
- Relatos.
- Descricións.
- Poemas e cancións.
- Textos de consulta: dicionarios, enciclopedias, murais.
- Cancións.
- Vestiario e caracterización de personaxes.

### e) Usos sociais:

- A familia.
- Aldea e parroquia.
- O barrio: os comercios.

## Plan de Atención a Alumnado Procedente do Estranxeiro

---

- A cidade.
- Gastronomía.
- As festas.

### f) Temas transversais:

- Consumo racional.
- A reciclaxe.
- As mulleres na historia.
- Educación para a saúde: alimentación equilibrada.

### 4.2.3.4. Estratexias de comunicación

#### a) Técnicas de aprendizaxe de vocabulario:

- Uso de asociacións sonoras e visuais.
- Uso de asociacións cinéticas.
- Outras: repase frecuente, listas clasificadas, campos semánticos ...

#### b) Técnicas para a pronunciación e entoación:

- Recitación de textos como cancións, refráns, etc. que esixan entoar.
- 

#### c) Técnicas para a interacción oral:

- Utilización da propia lingua ou a outra.
- Petición de axuda ó interlocutor.
- Apoio en xestos.
- Utilización de paráfrases, exemplos, comparacións ...
- Asegurarse de que se foi entendido e de que se entendo.

#### d) Técnicas de comprensión:

- Antes:
  - Determinación de para que e con que intención se escoita ou se le un texto.
  - Identificación da idea xeral.
  - Identificación de detalles ou datos concretos.
  - Formulación de hipóteses acerca do que se vai a ler ou escoitar.



## Plan de Atención a Alumnado Procedente do Estranxeiro

---

- Dedución de significados polo contexto.
  - Activación de coñecementos previos.
- Durante:
- Detección de claves. Por exemplo, nun texto escrito, imaxes, tipografía, etc.; na lingua oral: entoación, mímica, ritmo ...
  - Selección de palabras clave.
  - Atención ó discurso ou ó texto escrito.
  - Búsqueda de expresións que resuman o dito ou lido.
- Despois:
- Elaboración de resúmenes, esquemas, listados, debuxos; elaborar preguntas propias sobre o texto.
- e) Exactitude lectora:
- Utilización das correspondencias letra/fonema.
  - Lectura de sílabas directas, inversas e sinfóns.
  - Lectura e escritura de palabras con sílabas directas, inversas e sinfóns.
  - Establecemento de relacións entre imaxes e palabras.
  - Descomposición de palabras en sílabas e fonemas relacionándoos coa letra.
  - Completamento de palabras ás que se lle retire sílabas ou letras dadas.
  - Transformación de palabras cambiando sílabas e letras.
- f) Técnicas de expresión escrita:
- Reescritura de textos.
  - Planificación do texto: destinatario, finalidade, contidos a incluír ...
  - Elaboración de borradores, focalizando a atención en diferentes aspectos a medida que se vai corrixindo.

### 4.2.3.4. Estratexias de aprendizaxe

#### a) Proceso de aprendizaxe:

- Uso autónomo e adecuado de libros e materiais de aprendizaxe.
- Relación de contidos novos con outros xa coñecidos.
- Utilización de recursos (diccionario ...)

## Plan de Atención a Alumnado Procedente do Estranxeiro

---

- Autoavaliación das tarefas.
- Planificación do estudio e tarefas.

### b) Cooperación na aprendizaxe:

- Participación nas tarefas de comunicación.
- Respecto ás normas de comunicación.
- Participación en tarefas grupais.

### 4.2.4. Avaliación

Podemos ter en conta as dimensións e procedementos que aparecen a continuación, así como as fichas de recollida de datos que figuran no Anexo.

Que	Como	Cando
- Actividades orais	- Grabación - Grella de observación de actividades de clase	- En función das necesidades
-Actividades escritas - Producción de materiais	- Caderno de actividades - Producións grupais	- Semanalmente
-Consecución dos obxectivos dunha tarefa.	- Grella de observación	- Ó final de cada tarefa
- Proceso de ensinanza	- Diario do profesor	- Quincenal

### 4.2.5. Organización da ensinanza

En canto ó procedemento a seguir, así como ás medidas a adoptar, aterémonos ó disposto na Orde de 20 de febreiro de 2004 (DOG de 26/2).

En consonancia coa devandita Orde, unha vez efectuada a valoración, naqueles casos que descoñezan as dúas linguas, estableceranse apoios de forma individual ou en base á organización de Agrupamentos de Linguas. Para estes, é preceptiva a autorización da Xefatura Territorial da Consellería de Educación, a partir da solicitude da dirección a través da Inspección de zona. O tempo máximo de permanencia será de 1 trimestre atendendo ós seguintes períodos semanais: 5 sesións en EI, 10 en 1º ciclo de EP e 20 en 2º e 3º ciclos.

A xunta de avaliación poderá adopta-la decisión de reducir este período de permanencia.

## Plan de Atención a Alumnado Procedente do Estranxeiro

---

Permanecerán, en todo caso, co grupo de referencia en Educación Física e Artística.

Ó remate do trimestre, se fose o caso, solicitarase á inspección a ampliación do período de permanencia nos agrupamentos específicos e a xunta de avaliación valorará se procede manter outro tipo de apoios.

### 4.2.6. Materiais

Algúns materiais que poderemos utilizar para a aprendizaxe da lingua castelán poden ser:

#### a) Libros de texto:

- Candela, P. e Venegas, G. (2000) *Una Rayuela*. Madrid: SGEL (ensinanza por tarefas).
- Lagartos, M<sup>a</sup>.L. et al. (1990) *Entre amigos*. Madrid: SGEL.
- Marín Arrese, F. e Morales Gálvez, R. (1998) *Los trotamundos 1 y 2*. Madrid: Edelsa.
- MEC (1992) *Pido la palabra*. Madrid: Secretaría General Técnica. Subdirección de Cooperación Internacional.
- VV.AA. (1989) *¡Bravo, bravo!*. Madrid: Santillana.
- VV.AA. (1992) *Encuentros*. Madrid: SGEL.
- VV.AA. (1997) *Pasacalles 1, 2 y 3*. Madrid: SGEL.

#### b) Xogos:

- Iglesias, I. e Prieto, M<sup>a</sup>. (1998) *¡Hagan juego!*. Madrid: Edinumen.
- ELI (1989) *¿Español? Sí, gracias*. Italia (palabras ilustradas, xogos e exercicios).
- European Language Institute (1996) *El juego de los números. El juego de los oficios. El dominó de las horas*. Italia.
- VV.AA. *¡Vamos a jugar! 175 juegos para la clase de ELE*. Barna: Difusión

#### c) Outros materiais:

- Encinar, A. (1997) *Palabras, palabras*. Madrid: Edelsa (vocabulario temático).
- Hervás, M<sup>a</sup>. J. et al. (s.d.) *Español para ti*. Consejería de Educación y Ciencia. Junta de Andalucía.
- Pérez, R.M<sup>a</sup>. (2006) *Para ciudadanos y ciudadanas del mundo. Las personas y el colegio*. Consejería de Educación y Ciencia. Junta de Andalucía.
- Pérez, R.M<sup>a</sup>. (2006) *Para ciudadanos y ciudadanas del mundo. Mi cuerpo*. Consejería de Educación y Ciencia. Junta de Andalucía.
- Pérez, R.M<sup>a</sup>. (2006) *Para ciudadanos y ciudadanas del mundo. Mi casa. La calle*. Consejería de Educación y Ciencia. Junta de Andalucía.
- 
- Sans, N. (s.d.) *Tareas*. Barna: Difusión. (unidades didácticas).
- -- -- (1993) *Imaginario. Diccionario en imágenes para niños*. Madrid: SM.

## Plan de Atención a Alumnado Procedente do Estranxeiro

---

- -- -- (1996) *Vocabulario activo e ilustrado del español*. Madrid: SGEL. (diccionario en imágenes).
  - -- -- (2001) *Vocabulario ilustrado español/árabe*. Barna: Icaria.
- e) Expresión e Comprensión Oraís:
- L. Miquel e N. Sans (1992) *Como suena I*. Barna: Difusión.
  - Ángeles Palomino *Dual. Pretexto para hablar*. Madrid: Edelsa.
  - R. Pinilla *¡Bien dicho!*. Madrid: SGEL.
  - J. Siles Artes *Historias para conversar*. Madrid: SGEL.
  - M<sup>a</sup> R. López *Hablemos en clase*. Edit. Edinumen.
- e) Expresión e Comprensión Escritas:
- C. Moreno *Cuentos, cuentos, cuentos I*. Madrid: SGEL.
  - J. Masoliver *Historias breves para leer*.
- f) Lecturas graduadas:
- VV.AA. *Venga a leer*. Barna: Difusión (lecturas graduadas en seis niveis).
- g) Webs:
- <http://www.edu.xunta.es/contidos/portal/php/diversidade> (Diccionario ilustrado)
  - <http://www.educared.org/integra>
  - <http://www.aulainterultural.org>
  - <http://www.educacion.navarra.es>
  - <http://www.carei.es>
  - <http://tadega.net>
- g) Protocolos de avaliación inicial.

Ver Anexo

### 4.3. Outras áreas: Matemáticas e Coñecemento do Medio

A partir da avaliación inicial, abordaranse obxectivos e contidos que mellor se axusten ó nivel de competencia curricular do alumno ou alumna entre os establecidos na Programación do centro. Para isto, unha vez adoptada a decisión de incorpora-los a un curso seguindo o procedemento establecido, no caso de 1º Ciclo, prestaráselle atención por parte do profesorado de PT e AL, se fose necesario e posible.

Por outra parte, en base ó disposto na Orde citada, a partir de 2º ciclo, cando o desfase curricular sexa de 2 cursos ou maior, estableceranse apoios de PT ou Grupos de Adaptación da Competencia Curricular, no caso de que houberse un número de escolares superior a 5. Estes grupos constituiranse coa autorización da Xefatura Territorial da Consellería de Educación. O currículo das áreas correspondentes establecerase en función

## Plan de Atención a Alumnado Procedente do Estranxeiro

---

do nivel de competencia do alumnado obxecto de atención. O tempo de permanencia será de 8 períodos lectivos como máximo e poderá prolongarse durante todo o curso. O remate destes apoios decidirá a xunta de avaliación.

### 4.4 Avaliación

Cando se trate de alumnado cun elevado grao de descoñecemento das linguas vehiculares e/ou cun atraso de dous ou máis cursos no resto das áreas, na primeira avaliación despois da súa incorporación ó centro non se efectuará unha valoración en referencia ó currículo ordinario. No seu lugar, emitirase un informe específico no que consignará o grao de consecución das competencias relativas ós obxectivos e contidos traballados.

Na primeira xunta de avaliación que se celebre despois da incorporación do neno ou nena ó centro, propoñerase unha das seguintes opcións:

- elaboración dunha AC nas áreas que se estime necesario, sen prexuízo de que o acordo final ó respecto se adopte seguindo as canles establecidas na normativa.
- continuar traballando conforme ó currículo ordinario en tódalas áreas.

## **Anexo**

# Plan de Atención a Alumnado Procedente do Estranxeiro

## FICHA DE REXISTRO

Nome _____	Curso académico _____
Grupo _____	

	Si	AV	Non
<b>Hábitos de orde e limpeza</b>			
Cumpre os horarios			
Respecta o material común e dos demais			
Fai o adecuado nos servizos			
Ven adecuadamente aseado/a			
<b>Hábitos de convivencia e relación</b>			
Xoga e respecta as normas de xogo			
Acepta traballar en grupo			
Buscar estar só/soa			
É aceptado/a polos compañeiros/as			
Axúdanlle e acepta axuda			
<b>Hábitos de traballo escolar</b>			
Leva todo o material necesario			
Coida o material			
Permanece no lugar adecuado segundo a actividade			
Manifesta interese pola realización das tarefas			
Remata as tarefas			
Pide axuda se necesita			
Traballa só si lle atenden			
Observacións			

# Plan de Atención a Alumnado Procedente do Estranxeiro

## Linguas galega/castelán

## 1º Ciclo

Nome _____	Curso académico _____
Grupo _____	

	S	CD	N
1. Comprende un relato oral			
2. É capaz de discernir se unha frase é absurda ou ten sentido o que di			
3. É capaz de relacionar frases que se lle lean con debuxos como se fosen adiviñas			
4. É capaz de expresar sentimentos e experiencias			
5. Describe brevemente de forma oral obxectos, situacións, lugares			
6. Ordena historias de máis de 2 elementos			
7. Explica de que trata un conto que se lle lea coa axuda de preguntas para guía-lo relato			
8. Interésase por descifra-las mensaxes escritas do entorno (carteis, etiquetas, instrucións...)			
9. Identifica as letras en maiúsculas e minúsculas			
10. Escribe letras en maiúscula e minúscula			
11. Copia palabras			
12. Escribe o que se representa en debuxos (obxectos, animais, persoas, etc familiares)			
13. Escribe o título dun conto coñecido tendo á vista debuxos alusivos ó mesmo			
14. Contar unha historia por escrito (trátase de valorar que é capaz de facer e con que tipo e cantidade de axuda)			
15. Diferencia cales son as palabras nunha oración			
16. Ten unha letra lexible			
17. Controla o sentido e a dirección do escrito			
Observacións			

S= Si CD= Con Dificultade N=Non



# Plan de Atención a Alumnado Procedente do Estranxeiro

## Matemáticas

## 1º Ciclo

Nome _____	Curso académico _____
Grupo _____	

	S	CD	N
1. Clasifica debuxos atendendo simultaneamente á cor e ó tamaño			
2. É capaz de categorizar obxectos, animais (ferramentas, prendas, alimentos, etc)			
3. Conta obxectos ata 10			
4. Lé e escribe ata 10			
5. Suma obxectos ata 10			
6. É capaz de relacionar cardinal co número de obxectos ou debuxos ata 10			
7. É capaz de seguir unha serie con figuras xeométricas e cores			
8. É capaz de seguir unha serie con números			
9. Utiliza conceptos temporais básicos (antes/despois, hoxe/onte/mañá, mañá/tarde/noite)			
10. Utiliza conceptos de cantidade básicos (cheo/baleiro, moitos/poucos/nada, máis/menos/igual, tanto como, enteiro, cada)			
11. Utiliza conceptos espaciais básicos no espazo real e no papel (arriba/abaixo, dentro/fora, cerca/lonxe, xunto a, entre, diante/detrás, centro/lado)			
12. Resolve manipulativamente problemas formulados oralmente que impliquen quitar e poñer			
Observacións			

S= Si    CD= Con Dificultade    N=Non

# Plan de Atención a Alumnado Procedente do Estranxeiro

**Linguas galega/castelán**

**2º Ciclo**

Nome \_\_\_\_\_ Curso académico \_\_\_\_\_

Grupo \_\_\_\_\_

	S	CD	N
1. Interésase por participar na comunicación oral e participa			
2. Expón oralmente feitos, sentimentos e experiencias propias			
3. Comprende mensaxes orais (narrativos, descritivos, explicativos) e sabe transmitirllos a outros			
4. Describe obxectos e persoas sinalando algúns rasgos específicos			
5. Sabe pedir información, permiso, da-las grazas, saudar ...			
6. Sabe narrar oralmente unha historia ou conto en orde lóxica			
7. Identifica e emprega tódalas letras: maiúsculas, minúsculas, manuscrita e de imprenta			
8. Interésase por descifra-las mensaxes escritas do entorno (carteis, etiquetas, instrucións...)			
9. Coñece a orde alfabética			
10. Diferencia palabras, oracións e parágrafos			
11. Ten unha letra lexible			
12. Controla o sentido e a dirección do escrito.			
13. Sabe construír frases separando ben as palabras			
14. Sabe producir textos escritos breves e sinxelos, empregando oracións con sentido completo			
15. Comprende textos curtos lidos e identifi-la idea principal e algúns detalles secundarios			
Observacións			

S= Si CD= Con Dificultade N= Non

# Plan de Atención a Alumnado Procedente do Estranxeiro

## Matemáticas

## 2º Ciclo

Nome _____	Curso académico _____
Grupo _____	

	S	CD	N
1. Conta, le, escribe e ordena progresivamente números naturais ata 100			
2. Coñece o valor das cifras dun número ata a centena e sabe representa-lo agrupamento no sistema numérico decimal			
3. Coñece as relacións de composición e descomposición en sumas dos números ata 100 e aplica este coñecemento ó cálculo mental			
4. Recoñece cal é a operación adecuada para resolver un problema de suma ou resta que impliquen “engadir”, “quitar”, “ve-la diferenza”, “repartir”			
5. Presenta de forma ordenada o prantexamento dun problema ...			
6. É capaz de recoller datos en táboas sinxelas			
7. Realiza medicións de lonxitude, masa e capacidade con instrumentos de medida manexables e de uso frecuente			
8. Coñece e utiliza medidas de tempo (reloxo, semanas, meses ...)			
9. Coñece e utiliza unidades de diñeiro (moedas máis usuais)			
10. Define a posición no espazo usando conceptos dereita/esquerda, dentro/fora, arriba/abaixo, diante/atrás, próximo/lonxano			
11. Identifica no entorno formas circulares, triangulares e rectangulares			
12. Recoñece no entorno figuras xeométricas			
Observacións			

S= Si CD= Con Dificultade N= Non

# Plan de Atención a Alumnado Procedente do Estranxeiro

**Linguas galega/castelán**

**3º Ciclo**

Nome \_\_\_\_\_ Curso académico \_\_\_\_\_

Grupo \_\_\_\_\_

	S	CD	N
1. Participa na comunicación oral, respectando as normas de intercambio e expresa a súa opinión			
2. Expón oralmente sucesos e experiencias ordenando adecuadamente as ideas			
3. Diferencia as ideas principais e secundarias en textos expostos oralmente e sintetiza o seu contido			
4. Completa oralmente textos narrativos (principio, desenvolvemento e remate)			
5. Elabora un texto oral breve			
6. Lé con entoación, ritmo e pausas adecuados			
7. Capta información concreta nun texto escrito do nivel			
8. Emprega adecuadamente maiúsculas, guión, punto, coma, interrogación e exclamación			
9. Acentúa adecuadamente as palabras do vocabulario básico ou máis usual			
10. É ordenado/a nos escritos e a letra é lexible			
11. Completa frases e textos escritos incompletos			
12. Compón textos escritos sinxelos (narrativos, descritivos, cartas ...)			
13. Comprende o sentido global de textos escritos e identifica a idea principal e algunha secundaria			
14. Utiliza o dicionario			
15. É capaz de deduci-lo significado dunha palabra polo contexto			
Observacións			

S= Si CD= Con Dificultade N= Non

# Plan de Atención a Alumnado Procedente do Estranxeiro

## Matemáticas

## 3º Ciclo

Nome _____	Curso académico _____
Grupo _____	

	S	CD	N
1. Conta, le, escribe e ordena progresiva e regresivamente números naturais de ata 5 cifras e interpreta o valor posicional			
2. Identifica a división como “agrupamento” ou “reparto” e diferencia os seus termos e significado do cociente			
3. Calcula mentalmente operacións de suma e resta			
4. Planifica por escrito a resolución dun problema			
5. Resolve problemas que requiran a utilización das operacións de suma, resta, multiplicación e división			
6. Estima a masa, a capacidade e a lonxitude de obxectos familiares			
7. Elixe o instrumento e a unidade adecuados para realizar medicións de lonxitude, masa e capacidade de obxectos familiares			
8. Manexa e opera con moedas ata 100 euros			
9. Debuxa rectas paralelas e perpendiculares, así como ángulos 45°, 90° e 180°			
10. Recoñece en obxectos familiares polígonos e corpos xeométricos sinxelos, así como os seus elementos básicos (lado, ángulo, cara e aresta)			
11. Recoñece as características do círculo e a circunferencia, así como os seus elementos			
12. Recoñece no entorno figuras xeométricas			
13. Interpreta croquis/mapas de lugares habituais			
14. Realiza gráficas sinxelas a partir de datos relacionados coa experiencia persoal			
Observacións			

S= Si   CD= Con Dificultade   N= Non